



PESO ROMANO

---

A PEZA  
DESTACADA  
DA EXPOSICIÓN  
LUGO  
ROMANO

Peso (*pondus*) de báscula romana en bronce composto de dúas partes: a superior, que serve de asa, e se xira polos seus extremos en armellas cravadas na caixa, e a inferior ou caixa que contén no seu interior un lingote de chumbo. Leva na parte superior unha inscrición P II (?), en alusión a *pondus* ou *pondo* (peso), sen dúbida referida ao peso que representaba. Posiblemente correspóndese cun *dupondius*, é dicir dúas libras romanas (654,9 g). Cronoloxía: séculos III-IV d.C.

A funcionalidade desta peza estaría relacionada coas medidas de peso. Os ponderais son os pesos que se utilizaban para equilibrar a balanza. Habitualmente son de bronce e están recheos de chumbo para acadar o peso requirido para o seu correcto funcionamento, evitando así calquera tipo de modificación intencionada que fixese variar o seu peso. De igual modo, a miúdo levan marcas, algunhas das cales serven para expresar o seu peso respecto á libra ou para facer referencia a unha orixe común de fabricación.

En Roma utilizábase un sistema de pesos no que os referentes eran a libra e os seus divisores, a *uncia*, 1/12 de libra (27,288 g) e o *scripulum*, 1/24 de *uncia* (1,135 g), mentres que o *decempodium* ou *decussis* (dez veces a libra) era o seu múltiplo básico. Segundo o lugar e o momento, o peso da libra oscila entre 322,56 g e 327,45 g.

O control de pesos e medidas era exercido pola administración. As mostras orixinais, que seguramente foron custodiadas no Capitolio de Roma, deberon de servir de modelo para todo o Imperio. Non obstante, as fontes revelan o problema da continua falsificación dos patróns oficiais, así como os intentos da administración central por manter un sistema estándar. Parece que, no ámbito local, foron normalmente os edís os oficiais encargados de supervisar a adecuación de pesos e medidas aos patróns romanos.

Pesa (*pondus*) de báscula romana en bronce compuesta de dos partes: la superior, que sirve de asa, y se gira por sus extremos en armellas clavadas en la caja, y la inferior o caja que contiene en su interior un lingote de plomo. Porta en la parte superior una inscripción P II (?), en alusión a *pondus* o *pondo* (peso), sin duda referida al peso que representaba. Posiblemente se corresponde con un *dupondius*, es decir dos libras romanas (654,9 g). Cronología: siglos III-IV d.C.

La funcionalidad de esta pieza estaría relacionada con las medidas de peso. Los ponderales son los pesos que se utilizaban para equilibrar la balanza. Habitualmente son de bronce y están rellenos de plomo para alcanzar el peso requerido para su correcto funcionamiento, evitando así cualquier tipo de modificación intencionada que hiciera variar su peso. De igual modo, a menudo llevan marcas, algunas de las cuales sirven para expresar su peso respecto a la libra o para hacer referencia a un origen común de fabricación.

En Roma se utilizaba un sistema de pesos en el que los referentes eran la *libra* y sus divisores, la *uncia*, 1/12 de libra (27,288 g) y el *scripulum*, 1/24 de *uncia* (1,135 g), mientras que el *decempodium* o *decussis* (diez veces la *libra*) era su múltiplo básico. Según el lugar y el momento, el peso de la *libra* oscila entre 322,56 g y 327,45 g.

El control de pesos y medidas era ejercido por la administración. Las muestras originales, que seguramente fueron custodiadas en el Capitolio de Roma, debieron de servir de modelo para todo el Imperio. No obstante, las fuentes revelan el problema de la continua falsificación de los patrones oficiales, así como los intentos de la administración central por mantener un sistema estándar. Parece que, en el ámbito local, fueron normalmente los ediles los oficiales encargados de supervisar la adecuación de pesos y medidas a los patrones romanos.

